

TAREFA SEMANAL EN LIBRETA

Cada día levaremos unha libreta para facer copia e practicar para 3º de primaria.

- Cada luns mandaremos e publicaremos na web a folla de tarefa semanal pero esta será para realizar nas libretas.
- Os luns, mércores e venres levarán un problema e unha serie ou exercicio de matemáticas.
- Martes e xoves un ditado e un exercicio de lingua.
- As libretas van e veñen cada día porque tamén facemos exercicios nelas.
- Unhas veces a tarefa será en galego e outras en castelán.

Pautas para a libreta cuadriculada

Azul = bolígrafo
Negro = lapis

Empezamos a escribir dous cadrados despois do tren

Escribimos a data na 1ª liña

Intentamos axustar a letra ao tamaño da cuadrícula e que os números que ocupen 2 cadrados de alto.

Entre cada exercicio deixamos unha liña en branco.

Non escribimos ate o fin da folla. Deixamos 3 ou 4 cadrados antes de cambiar de liña.

Luns, 16 de xaneiro de 2023

Alberto gastou 35 euros en roupa e Elvira 23. Canto gastaron entre os dous?

Datos: Alberto 35 Elvira 23

Operación:

$$\begin{array}{r} 35 \\ + 23 \\ \hline 58 \end{array}$$

Solución: Entre os dous gastaron 58 euros.

Ordena de menor a maior estes números.

653 123 65 365 11 496

11 < 65 < 123 < 365 < 496 < 653

Pautas para a libreta de lingua

Empezamos cada día nunha folla nova.

Poñemos a data a boli na primeira liña.

Escribimos o enunciado en boli e o exercicio en lapis.

Comezamos pegados á liña vermella e non escribimos ate o final da folla, intentamos deixar un pouco de marxe.

Luns 16 de xaneiro de 2023

Ditado.

Onte Pepe saíu de paseos.